



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

*Bases reguladoras do concurso de comparsas organizado polo Concello de Muros no Entroido de 2024*

### ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 15/2024 de 11 de xaneiro, aprobáronse as Bases reguladoras do concurso de comparsas organizado polo Concello de Muros no Entroido de 2024, e que se transcriben a continuación:

### **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE COMPARSAS ORGANIZADO POLO CONCELLO DE MUROS NO ENTROIDO DE 2024**

#### **Artigo 1. Finalidade e obxecto**

Co obxectivo de promover unha das festividades populares máis relevantes da comarca, estas bases reguladoras buscan establecer o réxime de concesión de premios para o Concurso de Comparsas organizado polo Concello de Muros durante o domingo de Entroido no ano de 2024.

#### **Artigo 2. Solicitantes/beneficiarios**

Permitirase a participación de todas as entidades, grupos de persoas (mínimo de 5) e individuos interesados que cumpran cos seguintes requisitos:

- Entidades: Deberán estar legalmente constituídas e presentar a súa solicitude de participación no lugar e prazo establecidos nestas bases, así como achegar a documentación requirida.
- Grupos non constituídos legalmente: Requirirase un acordo de constitución da agrupación, o DNI das persoas integrantes, a súa solicitude de participación presentada no prazo e forma establecidos e a documentación necesaria.
- Persoas a nivel individual: Deberán proporcionar o DNI da persoa interesada, presentar a súa solicitude de participación no prazo e forma establecidos e achegar a documentación requirida.

#### **Artigo 3. Condicións**

Establécense tres categorías, segundo o número de participantes:

- Individual: de 1 ou 2 persoas
- Grupos: de 5 a 14 persoas
- Comparsas: a partir de 15 persoas.

Os beneficiarios que resulten premiados deberán cumprir os requisitos e as obrigas establecidas nos artigos 13 e 14.c da Lei de subvencións

#### **Artigo 4. Procedemento**

O proceso de participación no Concurso de Comparsas para o Entroido 2024, organizado polo Concello de Muros, levarase a cabo mediante un procedemento de concorrencia competitiva. Os premios determinaranse establecendo unha clasificación de acordo coas puntuacións obtidas, seguindo os criterios de valoración definidos nestas bases. A información detallada publicarase na Base Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello de Muros.

A resolución dos premios estará dispoñible tanto no taboleiro de anuncios como na páxina web [www.muros.gal](http://www.muros.gal).

#### **Artigo 5. Documentación**

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, no Rexistro do concello ou na páxina web [www.muros.gal](http://www.muros.gal). Achegarase tamén a seguinte documentación:

No caso de entidades:

- Copia do CIF.
- Copia do DNI da persoa representante.
- Certificado de número de conta da entidade (IBAN).

- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de que as persoas participantes en conxunto se farán cargo de calquera dano ou lesión que poidan provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

No caso de grupos non constituídos legalmente:

- Acordo da constitución da agrupación.
- DNI das persoas integrantes, nomeando un ou máis representantes
- Certificado bancario do número de conta da/s persoa/s representante/es a quen se lles ingresará o premio (IBAN).
- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de que as persoas participantes en conxunto se farán cargo de calquera dano ou lesión que poidan provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

No caso individual:

- Copia do DNI
- Certificado de número de conta da persoa solicitante (IBAN).
- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de facerse cargo de calquera estrago ou lesión que poida provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

## **Artigo 6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

6.1. Presentación de solicitudes de inscrición:

As inscricións das Comparsas ou Grupos poderá realizarse a través dos seguintes medios:

- Rexistro xeral do Concello de Muros
- Na sede electrónica municipal (sede.muros.gal)
- Por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nas inscricións, cada comparsa ou grupo ten que nomear unha persoa representante, do que aportarán nome e apelidos, DNI e teléfono de contacto.

6.2. Prazo de presentación:

Do 25 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2024 en horario de 9.00 a 14.00 h

## **Artigo 7. Condicións do concurso**

7.1. Prohibicións:

Non está permitido utilizar animais vivos, elementos pirotécnicos nin inxerir bebidas alcohólicas durante todo o concurso.

7.2. Horario, lugar e horario de presentación, orde de participación e horario de comezo:

Lugar e horario de presentación:

As comparsas, os grupos e as persoas participantes deberán de presentarse na Virxe do Camiño o domingo 11 de febreiro de 2024 ás 16.45 h debidamente ataviadas.

A orde de participación será a seguinte:

- Primeiro: Os disfraces individuais
- Segundo: Os grupos
- Terceiro: As comparsas

Dentro de cada categoría á inversa que a orde de inscrición.

Horario de comezo:

O desfile dará comezo ás 17.00 h e contará cun percorrido que vai da Virxe do Camiño ata o Curro da Praza e deberá seguir o ritmo e o percorrido que marque a charanga que encabece o desfile.

A actuación de cada comparsa no palco non poderá exceder os 10 minutos de duración, e a dos disfraces individuais de 5 minutos.

As dimensións máximas permitidas de ancho das carrozas é de 2,5 metros.

Os participantes que conten con coplas ou *murgas* teñen que entregar unha copia das mesmas antes do comezo do desfile.

No caso de condicións climatolóxicas adversas, o concurso poderá aprazarse para outra data.

#### Artigo 8. Premios/Contía

Os premios a outorgar, con cargo á partida orzamentaria 2024/338/48000 con RC número 220240000039 de 17 de xaneiro de 2024 por un importe de 3.525,00 €, son os seguintes:

Categoría INDIVIDUAL	Categoría GRUPOS	Categoría COMPARSAS
1º PREMIO 200 €	1º PREMIO 500 €	1º PREMIO 1.100 €
2º PREMIO 100 €	2º PREMIO 250 €	2º PREMIO 600 €
3º PREMIO 50 €	3º PREMIO 125 €	3º PREMIO 300 €
4º PREMIO 50 €	4º PREMIO 100 €	4º PREMIO 150 €

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que os/as participantes non reúnen a calidade.

#### Artigo 9. Resolución dos premios

A concesión dos premios será aprobada por resolución da Alcaldía, vista a acta/proposta do xurado do concurso, composto polos seguintes membros:

- Presidencia: Alcaldesa do Concello de Muros, ou persoa en quen delegue.
- Secretaría: Secretaria municipal ou funcionario/a en quen delegue, que participará con voz pero sen voto.
- Vogais: Concelleiro/a de Cultura, ou persoa na quen delegue, e dúas persoas traballadoras da Administración.

O prazo para ditar esta resolución será de dez días naturais dende a celebración do Concurso.

##### 9.1. Valoracións

A puntuación das propostas participantes obterase da media das puntuacións de cada membro do xurado valorando os seguintes criterios:

- Creatividade, idea singular, invento e criterio artístico dos disfraces: 10 puntos
- Caracterización, ou logro ao representar a idea, dos seus compoñentes: 10 puntos
- Desfile, interpretación, gracilidade, simpatía, durante o desfile: 10 puntos
- Posta en escena e música, no escenario: 10 puntos
- Carroza, dificultade do traballo e concordancia co tema: 10 puntos
- Materiais empregados, respectuosos coa tradición e o medio ambiente: 10 puntos
- *Murgas* ou coplas, temática, rima e métrica das estrofas e graza dos/as intérpretes: 10 puntos

## 9.2. Notificación e publicidade da resolución

O fallo do Xurado darase a coñecer ao remate das actuacións no palco. A resolución de concesión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web [www.muros.gal](http://www.muros.gal) no prazo de dez días naturais, dende a celebración do concurso.

### Artigo 10. Xustificación

Será documento xustificativo suficiente a acta do xurado do concurso, debidamente asinada polo secretario/a e todos os seus membros, con indicación da relación de participantes e as puntuacións acadadas por cadansúa.

### Artigo 11. Pagamento

Os pagamentos dos premios efectuaranse por transferencia bancaria, no número de conta que indiquen na solicitude, no prazo máximo de un mes despois do concurso, con cargo á partida orzamentaria 2024/338/48000.

Aos pagamentos que superen os 300 € aplicaráselle a correspondente retención, segundo o regulamento do IRPF.

De conformidade co artigo 11 da Lei xeral de subvencións poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo a devandita actividade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo á persoa representante.

A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.

**CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2024 (ANEXO I)****FICHA DE INSCRIPCIÓN COMPARSA/GRUPO/INDIVIDUO:**

NOME DA COMPARSA/ GRUPO/ INDIVIDUO	
TEMA DA COMPARSA/ GRUPO/ INDIVIDUO	NÚM. PERSOAS
RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE QUE A ORGANIZA	
PERSOA REPRESENTANTE	
CIF	IBAN

No caso de **non pertencer a ningunha entidade legalmente constituída:**

Acordo de constitución da agrupación e datos de persoas maiores de idade representantes da comparsa:

NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE 1		
TELÉFONO	DNI	% PREMIO A INGRESAR
NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE 2		
TELÉFONO	DNI	% PREMIO A INGRESAR
NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE 3		
TELÉFONO	DNI	% PREMIO A INGRESAR

**DATOS DA ANIMACIÓN**

CARROZA	MÚSICA
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

**DECLARO/DECLARAMOS:**

1. Que lido o contido do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que ningún dos seus membros nos atopamos afectados por ningunha das prohibicións establecidas no artigo.
2. Que nos atopamos ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
3. Que facemos constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar a cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con

poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de subvencións. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo ao representante, ou representantes por partes iguais.

Sinatura (da persoa representante da entidade ou comparsa)

Asdo.

Esta ficha de inscrición deberá de ser acompañada da seguinte documentación:

**No caso de entidades:**

- Copia do CIF.
- Copia do DNI da persoa representante.
- Certificado de número de conta da entidade (IBAN).
- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de que as persoas participantes en conxunto se farán cargo de calquera dano ou lesión que poidan provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

**No caso de grupos non constituídos legalmente:**

- Acordo da constitución da agrupación.
- DNI das persoas integrantes, nomeando un ou máis representantes
- Certificado bancario do número de conta da/s persoa/s representante/es a quen se lles ingresará o premio (IBAN).
- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de que as persoas participantes en conxunto se farán cargo de calquera dano ou lesión que poidan provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

**No caso individual:**

- Copia do DNI
- Certificado de número de conta da persoa solicitante (IBAN).
- Compromiso responsable de respectar as normas deste concurso, así como de facerse cargo de calquera estrago ou lesión que poida provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.
- Declaración responsable de non estar afectada por ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Muros.

**Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións:**

(...)

**Artigo 13. Requisitos para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora**

1. Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en quen conorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención exceptúese pola súa normativa reguladora:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.

b) Solicitar a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente determínense.

h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.

i) Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no artigo 11.3, parágrafo segundo cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

3 bis. Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar cumprir, nos termos dispostos neste apartado, os prazos de pago que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora. Calquera financiamento que permita o cobro anticipado da empresa provedora considerarase válida a efectos do cumprimento deste apartado, a condición de que o seu custo corra a cargo do cliente e fágase sen posibilidade de recurso ao provedor en caso de falta de pagamento.

Salvo que as bases reguladoras prevexan outro prazo ou momento de acreditación, esta efectuarase no prazo de 10 días hábiles desde a notificación da proposta de resolución provisional aos interesados para os que se propón a concesión da subvención.



No caso de que se prescinda do trámite de audiencia por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, a acreditación efectuarase no prazo de 10 días desde a notificación do requirimento dirixido ao efecto polo órgano instructor previo á proposta de resolución definitiva.

Porén, se a certificación de auditor ou o informe de procedementos acordados non puider obterse antes da terminación do prazo establecido para a súa presentación, achegárase xustificante de solicitar devandito medio de acreditación e unha vez obtido presentarase inmediatamente e, en todo caso, antes da resolución de concesión.

A acreditación do nivel de cumprimento establecido realizarase polos seguintes medios de proba:

a) As persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscripta pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, na que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na citada Lei 3/2004, de 29 de decembro. Poderán tamén acreditar dita circunstancia por algún dos medios de proba previstos na letra b) seguinte e con suxeición á súa regulación

b) As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:

1.º Certificación emitida por auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas despréndase que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, determinado neste apartado, en base á información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

2.º No caso de que non sexa posible emitir o certificado ao que se refire o número anterior, «Informe de Procedementos Acordados», elaborado por un auditor inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que, en base á revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pago a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pago da Lei 3/2004, de 29 de decembro, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar o nivel de cumprimento requirido no último parágrafo deste apartado.

Aos efectos desta Lei, entenderase cumprido o requisito esixido neste apartado cando o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, sexa igual ou superior á porcentaxe prevista na disposición final sexta, letra d), apartado segundo, da Lei 18/2022, de 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

4. As prohibicións contidas nos parágrafos b), d), e), f), g), h), i) e j) do apartado 2 e nos apartados 3 e 3 bis deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que, en cada caso, determínenas.

5. As prohibicións contidas nos parágrafos a) e h) do apartado 2 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder de cinco anos no caso de que a prohibición non derive de sentenza firme.

6. A apreciación e alcance da prohibición contida no parágrafo c) do apartado 2 deste artigo determinarase de acordo co establecido no artigo 21, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2002, de 16 de xuño.

7. A xustificación por parte das persoas ou entidades de non estar incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, sinaladas nos apartados 2 e 3 deste artigo, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa regulamentaria que regule a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración Xeral do Estado ou das comunidades autónomas, ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá realizarse mediante testemuño xudicial, certificados telemáticos ou transmisións de datos, de acordo co establecido na normativa regulamentaria que regule a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración Xeral do Estado ou das comunidades autónomas, ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa ou notario público.



**CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2024 (ANEXO II)****ACORDO DE CONSTITUCIÓN DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA**

As abaixo persoas asinantes, DECLARAN:

Que o día \_\_\_\_\_ constituíron a agrupación de persoas físicas sen personalidade xurídica denominada \_\_\_\_\_ para participar no Concurso de comparsas do Entroido do Concello de Muros composta polas seguintes persoas:

NÚM.	NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

Acordaron nomear como representante da agrupación para as relacións co Concello de Muros a:

NOME E APELIDOS DA PERSOA REPRESENTANTE	
TELÉFONO	DNI
ENDEREZO	CORREO-E

E autorizar o ingreso do premio que acaden na seguinte conta bancaria:

NÚMERO DE CONTA (IBAN)

DECLARAN:

1. Que leron o contido do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que ningún dos seus membros nos atopamos afectados por ningunha das prohibicións establecidas no artigo.
2. Que nos atopamos ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
3. Non disolveremos a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de subvencións.

Sinatura (da persoa representante da entidade ou comparsa)

Asdo.

**CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2024 (ANEXO III)****COMPROMISO RESPONSABLE PARA PARTICIPAR**

As abaixo persoas asinantes,

COMPROMÉTENSE BAIXO RESPONSABILIDADE:

Que a Comparsa/Grupo/Individuo que participará no Concurso de comparsas do Entroido 2024, organizado polo Concello de Muros, co nome:

\_\_\_\_\_ ,  
da que é/son persoas representante/es:

NOME E APELIDOS	DNI

1. Todos e cada unha das persoas integrantes desta Comparsa/Grupo/Individuo RESPECTARÁ as normas deste concurso (en particular: non utilizarán animais vivos, elementos pirotécnicos, nin inxerirán bebidas alcohólicas durante todo o concurso).
2. Todos as integrantes en conxunto faranse cargo de calquera estrago ou lesión que poidan provocar durante a celebración do concurso a calquera outra persoa participante ou do público.

Data: \_\_\_\_\_

Sinatura (dos/as representantes da entidade ou comparsa)

Asinado: \_\_\_\_\_

**DECLARAN:**

- a. Que leron o contido do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que ningún dos seus membros nos atopamos afectados por ningunha das prohibicións establecidas no artigo.
- b. Que nos atopamos ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Muros, 11 de xaneiro de 2024

A alcaldesa

María Lago Lestón

2024/263